



ESA TERRA AREOSA...



Este verán, foi xenial para min. Por moitos motivos como todos os veráns, pero por un en especial, coñecín unha rapaza saharauí coa que tratei moi ben. Coñecina en Boiro, cando fun de vacacións. O seu nome, non o sei escribir ben, pero vouno escribir do xeito que se di: Arjiya. Ten 14 anos, e foi marabilloso coñecela. Estaba cunha familia de aquí durante 2 meses, veu en xullo, e en setembro volveu á súa terra.

Unha terra areosa, totalmente diferente á nosa, da que vos quero falar, todo o que aprendín dela, que foi moi útil para min como persoa.

A temperatura no verán supera os 50°C +- á sombra e no inverno vai moito frío, ¡case nunca chove!(ó contrario de aquí, por iso gustaba moito da choiva)

Ultimamente a taxa de mortalidade infantil vese controlada, grazas ás organizacións de outros países que os están a axudar, en canto a axudas médicas e hixiénicas.

A educación das mulleres é máis xusta que a dos homes, o principal é que vaia á escola a aprender a ler e escribir, pero logo o demais xa depende da súa familia. Arjiya ata o momento só sabe escribir e ler, pero

gustaríalle poder acudir a unha escola de secundaria que tamén existen pero en menor parte, ademais que son como internados afastados dos campamentos nos que Arjiya vive, e todo isto depende da súa situación económica.

A nai de Arjiya foi moi afortunada, posto que está acudindo a unha escola para adultos na que aprende a escribir e ler.

Un día normal dunha muller como a nai de Arjiya, é moi rutineiro: pola mañá rezan e logo amasan o pan e preparan o té para o almorzo da familia. E logo dedícanse a labores da casa como tecer, preparar o liño...e carrexan a auga para a "jaima".

Arjiya non naceu nun hospital como calquera de nós, chegou a este mundo na súa casa. Ós 7 días do nacemento organízase unha festa na que se elixe o nome da criatura ó azar, escríbeno nun pau e a nai cos ollos pechados elixe o nome do seu fillo.

Unha tradicional virtude árabe da que gusto moito, e que grazas a Arjiya fun capaz de experimentar, é a hospitalidade.

O té é un dos seus rituais, os utensilios do té son fixos en cada "jaima" do campamento, fanse 3 roldas, o primeiro vaso é amargo como a vida, o segundo é

doce como o amor e o terceiro suave como a morte.

As rapazas e mulleres árabes para poñerse guapas como calquera muller que lle gusta estar fermosa, utilizan a henna, para a pel e para o cabelo, na pel ten debuxos tatuados, isto sobre todo faise nas mans e nos pés cando a muller casa, e no cabelo botana para fortalecelo e que estea máis brillante, ou para tinxila, a henna elabóranas elas na casa, con dita planta e a mestura de algunha outra. E os perfumes que utilizan, case todos os fan elas mesmas tamén.

Como vedes, foi moi interesante coñecer a esta rapaza, que espero poder volver ver para o verán que ven. Pero tampouco me esquezo de outra nena saharauí que había alí con Arjiya, o seu nome é Milene, ten 8 anos, non falei moito con ela, pero si lembro de que lle gustaron moito os centros comerciais e os compact discs, como podedes ver, non todo o mundo é tan afortunado como nós. Aproveitade ó máximo o que tedes, pois moita outra xente non goza nin da metade do que nós temos.

Verónica Mouriño Sesto

B1B

